



CONCELLO DE TOURO

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 24 DE MAIO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Touro, sendo as doce horas do día trece de xuño de dous mil quince, para dar cumprimento ao que se dispón nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime electoral xeral, e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 13 de xuño de 2015, que son os seguintes:

- D. Ignacio Codesido Barreiro.
- D. Jesús Martínez Pereira.
- D. Alfredo Souto Castelo.
- D^a Adela Isabel Iglesias Tojo.
- D^a María Josefa Codesido Barreiro.
- D. Manuel Puga García.
- D. Raúl Maximino Míguez López.
- D^a María Victoria Pazos Pérez.
- D. Xoán Antón Louzao Rodríguez.
- D^a Sandra Beis Silva.
- D. Gemma Verónica López de Fuentes.

Asistidos polo infraescrito Secretario da Corporación, D. José Antonio Gómez Pedreira, quen fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o artigo 7 do citado regulamento, no que se establece que se deberá presentar a correspondente credencial como trámite previo legal para este acto.

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade, entre os asistentes, D. Raúl M. Míguez López, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, D^a Sandra Beis Silva, e actuando como Secretario da mesma o que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade compróbanse as credenciais presentadas e acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona.

Previa á toma de posesión dos cargos respectivos procédese a tomar xuramento ou promesa, de conformidade co establecido polo artigo 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O. do Estado do día 6), polos concelleiros electos D. Ignacio Codesido Barreiro, D. Jesús Martínez Pereira e D. Manuel Puga García, préstase xuramento de cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e polos concelleiros electos D. Alfredo Souto Castelo, D^a Adela Isabel Iglesias Tojo, D^a María Josefa Codesido Barreiro, D. Raul Maximino Míguez López, D^a María Victoria Pazos Pérez e D^a Gemma Verónica López de Fuentes, adóptase a fórmula de promesa. Polos concelleiros D. Xoán Antón Louzao Rodríguez e D^a Sandra Beis Silva, prométese o cargo por imperativo legal e comprométense a defender os intereses de Touro e de Galicia.

Cumpridos os requisitos legais esixidos pola Lei Orgánica, a Mesa declara constituída a Corporación por concorrer a maioría dos concelleiros electos.

Acto seguido, procédese, de acordo co que dispón o artigo 196 da repetida Lei Orgánica, á proclamación



CONCELLO DE TOURO

de candidatos para a elección de Alcalde, entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

Nome e apelidos dos candidatos Lista ou candidatura

- D. Ignacio Codesido Barreiro Partido Popular.
- D. Xoán Antón Louzao Rodríguez Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas.
- D. Gemma Verónica López de Fuentes Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PS de G-PSOE)

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 do varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, procédese á elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o artigo 102 do xa mencionado Regulamento, para elixilo entre os candidatos proclamados para este cargo, obténdose o seguinte resultado:

Nome e apelidos do concelleiro candidato Nº de votos obtidos

D. Ignacio Codesido Barreiro Oito (8) votos

D. Xoán Antón Louzao Rodríguez Dous (2) votos

D^a Gemma Verónica López de Fuentes Un (1) votos

Habendo obtido o candidato D. Ignacio Codesido Barreiro a maioría absoluta dos votos emitidos polos concelleiros, queda proclamado Alcalde electo segundo o previsto na Lei orgánica de réxime electoral xeral.

Inmediatamente o señor concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Concello, D. Ignacio Codesido Barreiro, integrado na lista ou candidatura do Partido Popular, e prestando previamente novo xuramento, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia.

Quedan a disposición dos señores concelleiros a acta de arqueo e inventario do patrimonio da Corporación, aos efectos legais establecidos na lexislación vixente.

O señor Alcalde diríxese aos asistentes, dándolle a benvida aos novos Concelleiros e expresando o seu desexo de superar os anos difíciles pasados esperando que cambie o sistema e tratando con pouco de facer moito.

Polo señor Alcalde levántase a sesión sendo as doce horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor Alcalde-Presidente comigo, o Secretario, de todo o cal certifico.